

Semella curioso o feito de que os seres humanos adoitamos analizar todo aquilo nos rodea cunha exactitude pasmosa. Analizamos a vida como se aquelas partículas das que está formada puideran compoñer un impertérito universo que finalmente queda afastado da nosa realidade. Estamos obsesionados cunha análise exhaustiva que finalmente nos deixa exentos dun pensamento maior. Quizais esta obsesión por un control eternificado na inmensidade dos nosos pensamentos ven dado por un medo terrible. Un medo á perda de aquilo que se encontra non establecido. Sentimos medo ao descoñecido nun acto cobarde que nos quita aquela efémera sensación de que somos algo máis que uns simples datos. Aínda así este análise é necesaria para poder seguir co surco no que nos leva a vida, para poder perpetuar unha existencia que non solo pode vir procurada polas sensacións. Medramos na memoria dun sentimento que surxe e desaparece, vivimos coa necesidade de analizar o vivido como se escapara das nosas mans. Verdadeiramente pode ser así. Analizamos de forma necesaria, porque é fundamental. Porén, no tempo que tardamos en analizar quizais perdemos a esencia. Cando o noso reloxo mental se pasa de rosca dentro dos nosos pensamentos tan só quedarán uns datos ilexibles, uns vestixios de todo aquilo que fixo por quebrarnos o miolo nun intento de controlar o mundo. Un mundo que no seu eterno camiño tamén nos deixa os acontecementos máis inesperados, refachos de aquilo que nin a nosa mente retorcida foi capaz de esperar, a pesar do seu análise imparable. Ao mellor deberíamos deixar un espazo de descanso para a fábrica de pensamentos constantes que constitúe o noso ideario. Un espazo en branco, unha oportunidade de creación, un momento de liberación para esa parte que nos berra entre o silencio que debemos dálle outra reviravolta, facer pinchacarneiros con todo aquilo que sucede ao noso arredor, reducilo ata unha saciedade insá. Picamos con coitelo as experiencias, diseccionamos os pensamentos, desmenuzamos ata o último grao as emocións. Sobre pensamos. Sobre redactamos. Sobre dicimos. Sobre escribimos. Cando sobresentimos? Temos unha alma capada por una sociedade que vive atrofiada no control, deshumanización do pensamento nun intento de excelencia. Analicemos tamén dende o corazón e aprendamos a buscar nos recunchos dunha alma que morre con cada unha das voltas que dá o noso pensamento. Deixémonos levar polas ondas que rompen co establecido, cos refachos que sacan á luz os sentimentos que nos fan ser persoas.